

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2020/9	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Aprobación da Conta Xeral do exercicio 2019 e do orzamento municipal para o exercicio 2020.»
Data	15 de outubro de 2020
Duración	Desde as 12:50 ata as 14:47 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	María Dolores Castiñeira Alén
Secretaria	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	NON
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel González González	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	NON
Primitivo González Souto	SÍ
Rubén González Coto	NON
Santiago Rodríguez Davila	SÍ

Verónica Tourón Domínguez	SÍ
Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Sra. Alcaldesa: Bos días, benvidos ao Salón de Plenos, dicir que non imos a poder emitir en directo porque hai un problemiña técnico, o que si imos a facer é a grabación para que despois poidamos facer uso dela e subila ás canles de youtube. Quero anunciarvos tamén a ausencia do compañeiro Rubén hoxe por motivos persoais non nos pode acompañar, polo falecemento da súa avoa. Tamén temos a ausencia de Ana Cristina e de Noelia, tamén por motivos persoais.

Sr. Rodríguez Davila: Bos días, en primeiro lugar en nome dos compañeiros do Grupo Popular queremos trasladar o pésame ao compañeiro Concelleiro da corporación Rubén e en segundo lugar quero manifestar o desacordo do noso grupo unha vez máis co horario deste Pleno, un pleno convocado pola Alcaldía sen consenso con este grupo. Queremos reiterar unha vez máis que nós queremos que os plenos extraordinarios tamén sexan en horario dos plenos ordinarios, pola tarde, como así o dixemos nas alegacións ao regulamento do pleno e tamén en diferentes plenos extraordinarios e tamén queremos deixar constancia na acta do pleno de hoxe. Tamén desculpar as compañeira Noelia e Ana Cristina que por motivos persoais e por motivos de traballo non poden asistir ao pleno de hoxe.

Alcaldesa: A este pleno extraordinario traéñse tres puntos, o terceiro deles de especial urxencia e tanto a Conta Xeral coma o Orzamente xa foron debatidos en plenos ordinarios celebrados pola tarde e dende o equipo de goberno sempre manifestamos a nosa disposición de facelos plenos no horario de mañá que máis acaído lle viñera á oposición. Nós estamos aquí toda a mañá, decidimos establecelos xunto coas comisións ás 12:45 e pola urxencia deste pleno e porque os dous primeiros puntos xa foron debatidos en pleno ordinario consideramos oportuno traelo nun pleno extraordinario, ademais coa dilixencia e coa presa de levar estes documentos administrativos canto antes a súa aprobación unha vez pasado o período de exposición, para que a parte administrativa e técnica do Concello se poña a traballar e dende o equipo de goberno poidamos cumprir os compromisos sobretudo de pago canto antes, coa maior das urxencias e a brevidade posible, pasamos pois aos asuntos da convocatoria



A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 1105/2020. Aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2019.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 6, En contra: 4,

Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sra. Pereira González: Bos días a todos e todas, arrancamos este pleno extraordinario coa aprobación da Conta Xeral. A Conta Xeral como xa sabemos, é un documento que pon de manifesto a xestión económica e orzamentaria dun exercicio neste caso falamos do exercicio de 2019, trátase dun documento técnico sobre o que non cabe traballar, podemos debatir, podemos expoñelo, podemos incluso non estar dacordo coa xestión pero o documento en sí non admite modificacións, son datos obxectivos proporcionados polo departamento de intervención e tesourería. En canto ao procedemento, a Conta foi aprobada en Comisión o 23 de xullo despois de estar quince días a documentación a disposición dos Concelleiros e Concelleiras, publicouse no Boletín Oficial da Provincia o 4 de agosto por un período de quince días hábiles máis oito a maiores, como esixe a lei e non recibíndose alegacións nese período, o expediente está listo para traer a pleno dende o 4 de setembro, a data de aprobación que viña marcada habitualmente pola Lei era o 1 de outubro, antes do 1 de outubro tiña que estar aprobada a Conta Xeral e polo tanto estábamos en disposición de tela aprobada en prazo, pero debido ao estado de alarma e a suspensión de prazos administrativos tamén se prorrogou o prazo da Conta Xeral e se elevou ata o 8 de xaneiro, polo tanto estamos en tempo e forma con este expediente.

Dar as gracias aos departamentos de intervención e tesourería porque a verdade é que o expediente da Conta Xeral é un dos máis tediosos do ano, require a recabación dun montón de datos, de información de todo o ano anterior, pois gracias ao seu traballo podemos traelo en tempo e ademais nun ano tan complexo como este, no que a propia normativa ampliou o prazo. Pasamos a examinar un pouco os documentos que compoñen o expediente temos a acta de arqueo que nos indica que a 31 de decembro de 2019 o Concello dispuña nas súas contas dunha liquidez de 1.641.886 €, en canto aos informes de regra de gasto e estabilidade orzamentaria non se cumpre ningún deses dous parámetros. Recordemos que a regra de gasto é ese instrumento de disciplina presupostaria que nos impoñen ás entidades públicas, que nos impiden gastar máis ala do PIB de dependencia dos ingresos e neste sentido o gasto do exercicio de 2019 é de 5.999.000 € e excede en aproximadamente en un millón e medio ao exercicio anterior, polo tanto non se cumpre, igual que a estabilidade orzamentaria é esa situación de equilibrio entre os gastos e os ingresos e no exercicio de 2019 os gastos ascenderon a 7.415.362 € mentras que os ingresos

foron de 6.188.980€, como digo estes dous parámetros non se cumpren e no momento en que se detectou este incumprimento, no momento de facer a liquidación do orzamento no mes de marzo, se puxo en marcha o mecanismo para corrixir estes dous incumprimentos e lograr neste ano e o próximo cumprilos coa aprobación do plan económico financeiro, plan que xa está en marcha.

En canto ao informe de liquidación do orzamento é un informe bastante amplo do que podemos extraer algúns datos, como exemplo, en canto aos gastos as obrigas recoñecidas foron de 6.047.000€ e isto supoxo un 89% de execución do orzamento. En canto aos ingresos alcanzamos unha recadación neta de 6.106.757€ dunha previsión inicial de 6.761.000€, polo tanto tamén unha execución entornando ao 90%. Temos resultado orzamentario positivo de 58.000€, temos remanente de crédito positivo de 713.362€ e o remanente de tesourería é de 2.020.180,69 € unha vez practicados os axustados o remanente que nos queda para gastos xerais é de 1.464.114,52€, tamén a debida financeira está recollida neste informe e a 31 de decembro de 2019 a débeda financeira era de 881.000€ un nivel de endebedamento do 17% que é un nivel bastante baixo e inclúese tamén no expediente o que é a Conta Xeral en sí, que é un documento con todos os movementos, con todas as anotacións de cada unha das partidas e completa o expediente os informes de reparos do exercicio de 2018 e isto é un pouco o resume dos datos que temos da Conta Xeral.

Sr. Núñez Troncoso: Bos días, quería matizar á Sra. Alcaldesa, que dixo que os dous puntos tanto a Conta coma o orzamento xa pasaron polo pleno, o Orzamento sí pero a Conta é a primeira e única vez que vai pasar polo pleno, polo tanto non é certo o que dixo a Sra. Alcaldesa.

Quería felicitar tamén ao departamento de tesourería e de intervención polo traballo feito na elaboración desta Conta, traballo bastante complexo e pese a insuficiencia de medios tanto materiais como técnicos que sofre ou está a sufrir dende hai bastantes anos o departamento de intervención como así o reflexa no seu informe.

Respecto ao orzamento de ingresos vemos que todos os anos vimos padecendo o mesmo na recadación do IBI e no orzamento se contemplaba unha recadación de 900.000€ e a recadación foi 870.000€, 30.000€ de diferenza, unha diferenza significativa porque este é un dato que debería axustarse moito a realidade porque temos un padrón e temos unha liquidación, entón é un dato que se pode axustar moito ao real. Sí estamos de acordo co previsión que fixeron para o 2020, aí si incrementamos o 3% que solicitou a Sra. Alcaldesa que vai a subir ou que xa nos cargaron nos recibos do IBI deste ano, máis ou menos estaremos nos 900.000€ pero non no ano 2019 que é do que estamos falando agora. Da lectura do informe de intervención pois si un lee detalladamente o que ven a dicir é que a Conta esta é un despropósito total. Mire, incumprimento da regra de gasto, incumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria a conta 413 con 1.640.000€ acredores por operacións pendentes de aplicación orzamentaria, por recoñecementos, facturas que se deixaron

sen pagar do ano 2019 porque ou ben a tramitación non está correcta ou ben porque non hai crédito, non hai cartos nas partidas correspondentes para facerlle fronte a esas facturas, incumpre a Lei de contratos, fraccionamento de contratos, iso tanto que dicía a Sra. Verónica pois o seguen incumprindo. Hai numerosas advertencias nos diferentes informes de intervención que así o dín pero non se lles fixo caso e iso que a Sra. Alcadesa nos dixo non fai moito que ela lle fai caso aos informes técnicos, pois a estes non e como a estes moitos outros máis. Incumprimento na tramitación de diversos expedientes sobre todo, na ordenanza municipal de subvencións e a Lei Xeral de Subvencións, incumpre o principio de prelación de pagos, páganse unha facturas antes que outras, máis ou menos o 50% dos informes de intervención son con reparo, que nós sepamos a ningún deses 50% a Sra. Alcadesa lle fixo caso a eses reparos.

Esta é unha conta dun orzamento cunha carga xa inicial, lembremos o recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2019 de 9.098.000€, e deixa outra carga este orzamento de 2019 para o 2020 de 1.640.000€ de facturas que quedaron sen pagar ou ben porque non había cartos nesas correspondentes partidas ou ben porque tramitación é improcedente. Donde está a xestión deste Goberno? Que dicir do saldo de dudoso cobro, tiñamos no 2015 un saldo de dudoso cobro de 437.000€, no 2016 igual de 437.000€, no 2017 de 442.000, no 2018 de 440.211€ e no 2019 de 440.000€ a miña pregunta é que pasa? Uns veciños pagan impostos e outros non pagan impostos? A uns se lles reclama vía executiva e a outros non se lles reclama? Onde está a xestións? Non vemos melloras dende fai ano e medio que houbo cambio de goberno, seguimos cos mesmos defectos cos anos anteriores e a realidade é a que é, e o que me ben a dicir esta conta é que a 31 de dembro de 2019 o Concello debe máis de 3.300.000€, esa é a realidade e a proba diso é o Plan económico financeiro que vostedes aprobaron fai catro meses.

Dicía a Concelleira de área que temos un remanente de tesourería para gastos xerais de 1.464.000€ é dicía ben, esto sería o que había que entregarlle entonces ao goberno central, recorden vostedes que había que entregar o remanente de tesourería que ao final non se levou a cabo, e vostedes non presentaron ningunha moción, nin presentaron nada en contra de esa medida. E que pasa coa conta 413? Que pasa co recoñecemento extraxudicial que hai que aplicar aquí a isto? Se vostedes aplican tal como pon o informe de intervención, se vostedes aplicaban o recoñecemento extraxudicial á conta 413 poden ver que temos un remanente de tesourería negativo máis – menos de 200.000€, se os datos son tan bos como é que tiveron que aprobar o plan económico financeiro? Está claro que non son, senón non habería necesidade de aprobar iso, ou non se renunciaría a subvencións que emiten os diversos organismos públicos e van a renunciar a solicitálas porque o Concello ten que poñer unha parte, unha parte mínima, por algún motivo será.

A Conta non hai por onde collela é un autentico despropósito, din vostedes e agora



nolo dirá a portavoz do Partido Socialista que é un documento técnico, estamos de acordo todos, pero un documento técnico que nos dí a xestión que fixo o goberno durante o ano 2019 e os informes están clarísimos, e agora vostedes denlle a volta que lle queiran dar, envíen a prensa un remante de tesourería de 1.464.000€ eso si que é manipular porque o remante é negativo e o pon o informe, iso é manipular, espero que non o fagan, non envíen esa nota e non manipulen aos veciños. Remanente negativo Sra. Concelleira.

Sra. Tourón Domínguez: Bo día a todas e a todos, en primeiro lugar agradecer tamén o traballo feito dende tesourería e intervención neste documento, o documento técnico xa o tratou Lucía como Concelleira responsable da área e foi falando de todo o que a compón, polo que non vou entrar moito a explicalo de novo, pero si contestarlle un par de cousas ao Partido Popular. Efectivamente a Concelleira e portavoz do Partido Socialista vai dicir que este é un documento técnico, eu non fago como o Partido Popular eu sempre defendín esta Conta coma un documento técnico, tanto na oposición coma no goberno polo tanto gracias por dicir que sempre digo o mesmo, porque son coherente cando defendo os temas. Decía tamén que o plan económico financeiro do que falaba a compañeira Lucía e do que vostede fixo referencia, quero lembrarlle ao compañeiro do Partido Popular que tanto eles na oposición coma o Partido Socialista na oposición pedían a elaboración dese documento, creo lembrar que o pedimos en máis dun pleno tanto nós coma vós, se tanto pedía o plan económico financeiro como repite agora, pleno tras pleno, que tivemos que facer un plan económico financeiro? Non lle gusta que o teñamos feito? O Partido Socialista dixo o mesmo na oposición que está dicindo agora no goberno.

Este documento fai referencia a toda a xestión do ano 2019 falaba o compañeiro Joaquín que non cambiou nada no último ano e medio e lembrarlle que este documento fai referencia ao ano 2019, a medio ano de goberno deste novo equipo de goberno co cal non é ano e medio de xestión deste novo equipo. Si que algunhas cousas cambiaron como xa decía a compañeira Lucía, o departamento que dirixe ela, estaba en perfecta dispoñibilidade para aprobar a Conta en prazo incluso se non nos aumentaran o prazo pola pandemia. A parte do agradecemento aos departamentos de tesourería e intervención que lle din antes, vou agradecer o traballo feito á compañeira Lucía, un documento que reflexa a xestión económica feita durante o ano 2019.

Sra. Pereira González: Ano e medio de xestión non, a Conta Xeral se cerra a 31 de decembro do 2019, falamos de medio ano de xestión non de ano e medio. En canto a que non se cumpre a prelación de pago, saben perfectamente que cando non se cumpre a prelación de pago é polas subvencións, cando hai subvencións e gasto subvencionable e facturas de subvencións se pagan no momento que se presenta a factura ou tan pronto sexa necesario para xustificar, o demais vai mes a mes e na orde correspondente. En canto aos datos que din non os inventei nin os tergiversei nada, os datos, os números que lle dixen, están todos no informe de intervención. En canto

ao de entregar o remanente ao Estado, falamos de cousas que non existen, cousas que non son oficiais, pois nós non entramos nese xogo, no momento que haxa unha publicación definitiva e unha orde co que facer cos remanentes nós tomaremos a nosa decisión, de momento falamos de oídas, polo que se ve o Partido Popular vai a votar en contra da Conta Xeral e como xa lle dixen, pode estar en contra da xestión que realiza o goberno pero da Conta, do documento, non vexo razón para estar en contra, son os datos obxectivos que se obteñen da contabilidade.

Sr. Nuñez Troncoso: Vostede non estaba no goberno fai ano e medio non? estaba no goberno tamén e a Alcaldesa estivo no goberno todo o ano completo e o Sr. Concelleiro que está con vostede estivo no goberno todo o ano completo, non diga vostede que non estaba no goberno. Non dixemos que inventara datos, vostede dixo o remanente de tesourería que era 1.400.000 € e eu así llo confirmei, eu non dixen por ningún lado que inventara datos, o da entrega de remanente por oídas, houbo compañeiros do Partido Socialista e incluso do BNG que presentaron mocións, escritos e queixas ao Goberno Central para que non tiveran que entregar ese remanente, de vostede non vexo por ningún lado que presentaran nada, algunha moción, algún escrito, non me diga vostede que por oídas despois si eliminaron a regra de gasto en dous días.

Sra. Verónica, o Plan económico financeiro claro que nós o levamos dicindo e vostede tamén o decía antes estando na oposición, pero é que tiña que estar feito no 2017, vostede sábeo tamén, verdade? Vimos reclamando, cando non quedou máis remedio o elaboraron pero iso xa debería estar elaborado fai tres anos e vostede o sabe perfectamente, o que dicía do remanente, o mesmo que a súa compañeira de goberno, non miramos por ningún lado que se presentara ningunha moción a este pleno para que o Goberno Central non levara ese remanente, fala vostede da coherencia, si é certo, é o único tema que vostedes mantiveron sempre o mesmo voto, o voto a favor da Conta, o único, porque mire, recoñecemento extraxudicial, cando había un recoñecemento neste pleno de 600.000€ vostedes votaban en contra, viu non fai muito un de 1.640.000€ e votaron a favor, iso non é coherencia. O Regulamento de organización municipal, regulamento mordaza lle chamo eu, que diría vostede se estivera na oposición e tivera o tempo limitado e tivera as preguntas limitadas para facer nese pleno? Non creo que estiveran calidiños. O que se queixaba antes porque se minoraban as partidas en educación, do conflito dos traballadores, lembra vostede aquel pleno de abril de 2019 cando mencionaba o da “caza de bruxas” ? Melloramos en algo dende o 2019? Os traballadores deste Concello melloraron en algo? Redución do coste do goberno decía vostede no último orzamento cando estaba na oposición, na reclamación ao orzamento que vostedes fixeron no 2016, pedían reducir 32.000€ e iso que se estaba falando dun coste do goberno de 210.000€ agora son 259.000€ e non di ni “mu”. Gastos protocolarios, publicidade e propaganda, querían reducir a partida naquela nun 75% e era máis menos 45.000€, agora son 95.000€ e seguimos na mesma, non di nada agora como está no goberno pódese gastar en gastos protocolarios, publicidade e propaganda.



Menos demagogia e máis coherencia Sra. Verónica.

Sra. Tourón Domínguez: Sigo insistindo no que comentou a Concelleira de área, cando falamos do tempo de goberno, claro que esta Conta fai referencia a todo o ano 2019 pero vostede cando fai referencia a que non cambiou, facíao dicindo que levamos ano e medio de goberno, levamos medio ano do novo equipo de goberno na Conta. En canto ao tema dos remanentes, de verdade vostede pensa que un equipo de goberno serio como é o do Concello de Salceda vai a traballar por oídas de cousas que nin sequera foron aprobadas? Non, un equipo serio, con responsabilidade de goberno como son as nosas, traballamos unha vez teñamos as publicacións oficiais e as decisións doutras administracións tomadas, non imos a poñer a traballar o equipo de intervención nin ao de secretaría para ver o que suporía esa posible operación no Concello de Salceda cando nin sequera foi aprobada e máis, vostede di que falabamos da regra de gasto do Partido Popular, si a regra de gasto do Partido Popular foi efectiva, aprobada e estivo aplicada moitísimo tempo, este tema do novo Goberno Central non chegou a ser aprobada, co cal non traballamos niso porque traballamos en cousas reais, palpables e que afectan ao Concello.

Vaime pedir o compañeiro do PP responsabilidades sobre as cousas feitas hai tres anos como que non se aprobou un plan económico financeiro no 2017? Porque eu podo facer o mesmo e pedirlle responsabilidades ao portavoz do PP de que non se teña aprobado nesa etapa, porque estabamos os dous grupos na oposición. En canto ao recoñecemento extraxudicial de crédito eu xa llo preguntei máis dunha vez ao Sr. Portavoz do PP, que faría Santiago Rodríguez Dávila e o seu grupo se ten un recoñecemento extraxudicial de crédito? Non cumpriría coas súas labores de goberno e non o levaría a Pleno? Deixaría aos provedores sen pagar? Que faría? Porque está moi ben esa demagogia de dicías unha cousa e fas outra, pero hai que ter en conta que temos responsabilidades de goberno e ao mellor o Sr. Santiago Rodríguez Davila e so seu grupo non saben o que é ter responsabilidade de goberno porque non estivo nunca. En canto aos traballadores solo dicir unha cousa, que cambiou dende entón? Voulle a enumerar un par de cousiñas, cambiou por exemplo que a principio de ano nunha mesa de negociación se lle aceptaron as ITS, cambiou por exemplo que levamos varias mesas de negociación no que o sentido e a sensación polo menos é boa e de querer por ambas partes entenderse e chegar a acordo e mañá se vai a constituir a mesa de intermediación laboral para a aprobación do convenio, por dicir solo algunhas cousas que cambiaron. Xa nos gustaría a todos que todo fora moito máis sinxelo, moito máis rápido, pero dende logo aínda que o Partido Popular non queira, se empeñe pleno tras pleno en dicir que non cambia nada, en dicir que este equipo de goberno non fai nada, en dicir que só estamos aquí para ocupar os sillóns, cambiaron moitas cousas, fixéronse moitas cousas e esta portavoz do Partido Socialista non só está defendendo o traballo do seu equipo senón o traballo do equipo enteiro que sei que todos e cada un de nos estamos dando todo o posible para facer cousas, cambiar cousas e para mellorar Salceda. Desde a oposición só vos



queda facer iso, negar que estamos a traballar.

Sr. Núñez Troncoso: Para contestarlle a Verónica, do remanente de tesourería que estamos falando vostedes traballan de oídas pero hai presidentes de Comunidades Autónomas donde goberna PSOE que puxeron o grito ao ceo, non é certo iso? O da regra de gasto sí aprobou daquela o Partido Popular polas circunstancias que había daquela, pero xa que tanto se amparaba o Goberno agora de que tiñan que recoller ese remanente en base ao que tiña aprobado o Partido Popular en dous días derogaron o tema, o plan económico financeiro eu non lle estou facendo a vostede responsable do que pasou antes, eu sempre dixen que ese plan económico financeiro xa tiña que estar elaborado no 2017, xa sabemos que non é responsabilidade súa, pero houbo que elaborar o plan económico financeiro entre outras cousas por esta Conta que vostedes van a aprobar. Os recoñecementos extraxudiciais de crédito, falaba vostede, que faría o portavoz do noso grupo, xa lle contestou algunha vez, se vostede non enganara aos veciños e votara o que tiña que votar cando se constituíu esta corporación agora tendría a resposta. En canto aos traballadores este é un debate largo, moi largo o que é penoso é que vostedes permitan que unha administración pública con cartos públicos se dirima nun tema persoal, iso é penoso, lamentable, pero xa haberá tempo de falar diso non se preocupe- Vólvolle a repetir se se mellorou algo o tema dos traballadores ou non se mellorou?.

Sr. Tourón Domínguez: Non vou contestar porque estamos tratando a Conta Xeral, case non vou preguntar o que o Partido Popular pensaba que tiña que votar o Partido Socialista no pleno de investidura, era o que lle faltaba á Agrupación Local Socialista e a este Grupo Municipal, que o Partido Popular lle teña que dicir o que ten que votar nun pleno de investidura.

Sr. Rodríguez Davila: Por alusións, algunhas xa llas contestou o compañeiro Joaquín e xa lle contestei eu no seu momento, se vostedes respetaran a vontade dos veciños tal como manifestou, pois tería a resposta respecto do posicionamento do Goberno Popular diante dun recoñecemento extraxudicial e esperemos que nun futuro a teña. En canto a que non estamos no goberno pois non estamos no goberno pero lle vou a dicir unha vez máis con meridiana claridade e rotundidade, preferimos e prefiro non estar no goberno a estar como está vostede ou como entrou vostede, porque nós podemos ir pola rúa e podemos mirarlle aos ollos e á cara aos veciños e ao mellor outras persoas non o poden facer tan nitidamente, tan claramente porque nós non faltamos, non enganamos e sobre todo somos coherentes, hai que ser serios na vida.

Sra. Alcaldesa: Este goberno xestiona, tráense os documentos en tempo e forma, neste caso a Conta Xeral, levamos aprobados dous orzamentos en apenas dezaseis meses de lexislatura, aprobouse un plan económico financeiro tal e como vostedes solicitaron en moitísimas ocasións, en canto a persoal, unha área que me compete, son responsable de persoal, foi un dos primeiros pasos, a aceptación da mediación para o convenio, levamos dúas mesas de negociación da RPT, en breve se traerá o



documento a súa aprobación plenaria. Na primeira mesa de negociación celebrada por este equipo de goberno ademais de concederse o 100% das IT reduciuse a xornada laboral entre outras concesións para que visen a boa vontade deste equipo de goberno, para chegar a entendementos e a acordos e nesa liña estamos. A verdade é que resulta complexo contentar ao Partido Popular, algunha ocasión lle manifestei ao portavoz do Partido Popular a miña intención de que aportedes, de que sumedes, incluso convocar e ter algunha mesa de traballo para puntos de interese municipal para toda a veciñanza e eu creo que aí é onde nós temos que encontrar. Repito, este goberno xestion, a hoxe falouse moi pouco da Conta Xeral, falastes moito de política a este órgano municipal tráense as couas para sacar adiante a para mellorar a vida da nosa veciñanza, os debates políticos están ben e poden darse pero tamén creo que hai outros foros máis que na sesión plenaria. Paso a ler a proposta de aprobación da Conta Xeral:

“Visto que as Contas Xerais do Concello de Salceda de Caselas correspondentes ao exercicio económico 2019 foron informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, en sesión de datado data 23.07.2020, e expostas ao público no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia núm. 148 de data 04.08.2020, durante quince días, durante os cales e oito días seguintes, os interesados puideron presentar alegacións.

Visto que non foron presentadas alegacións dentro do período de exposición pública.

De acordo co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

PROPOÑO ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar as Contas Xerais do Concello de Salceda de Caselas correspondentes ao exercicio económico 2019.

Segundo.- Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Svoستedentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SEIS votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE (2) e CATRO votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular, adoptándose o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as Contas Xerais do Concello de Salceda de Caselas correspondentes ao exercicio económico 2019.

Segundo.- Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Svoستedentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda.

Expediente 1434/2020. Aprobación definitiva do orzamento municipal para o exercicio 2020.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 6, En contra: 0,
Abstencións: 4, Ausentes: 0

Sra. Pereira González: O orzamento para o exercicio 2020 por importe de 5.340.000€ tanto no seu apartado de gastos como de ingresos, este orzamento foi aprobado inicialmente en pleno o 27 de agosto despois de pasar por Comisión informativa, publicouse no BOPPO o 7 de setembro e durante o período de exposición pública de quince días recibíronse catro alegacións, do Partido Popular, de Alberto González Herrero en representación da CIG, de Benigno Caride Táboas en representación de CCOO e de Jerónimo Fernández Vicente en representación do CSIF, dicir que o orzamento é un documento político, un documento que aínda que é público é de funcionamento interno, o reparto do diñeiro público entre as distintas áreas é un criterio político e por iso a lei taxa os motivos polos que se pode alegar o orzamento a tres, estes son: non axustarse a elaboración aos trámites establecidos pola lei, que falte o crédito necesario para dar cumprimento as obrigas, ou a manifesta insuficiencia de ingresos e nese sentido informouse as catro alegacións recibidas por intervención, informe que se asinou o 5 de outubro e en base a ese informe se desestiman as catro alegacións recibidas.

Entrando un pouco no contido de cada unha delas, a alegación presentada polo Partido Popular alega por unha parte insuficiencia de crédito en algunhas partidas, dille o informe de intervención este ano, igual que o ano pasado, que o crédito se verifica a nivel vinculación e non partida a partida e a nivel vinculación, si existe crédito. Propóñense tamén unha serie de incrementos e minoramentos de distintas partidas e como ben saben e como lle dixen antes, como proposta está moi ben pero non forma parte dos motivos polos que se pode alegar contra un orzamento. O reparto do diñeiro entre as distintas áreas, entre as distintas partidas é unha cuestión política e é unha decisión de quen conforma o orzamento, a Alcaldía ou o equipo de goberno neste caso, polo tanto non se poden ter en conta como alegacións. En canto

ao anexo de inversións se axusta perfectamente á legalidade tal e como ben recollido no informe non é necesario que se detalle coa denominación do proxecto, é suficiente e a denominación ben recollida na partida. É un criterio novo que se seguiu xa o ano anterior, as cousas a veces mudan e non por iso deixan de ser legais ou válidas. Ata agora se facían dun xeito e agora se ten feito doutro e como xa lle di no informe é perfectamente válido, como se fan en outros moitos Concellos ata agora aquí se facía dun xeito e agora se fai de outro.

En canto ao anexo de persoal xa se lle comentara no pleno que si que detectamos que había algún erro, que algún salario non se actualizou no anexo de persoal pero no orzamento si estaba recollida a partida correctamente, mesmo así se modificaron os anexos e se subiron modificados.

En canto as alegación de CIG e CCOO ambas as dúas iban no mesmo sentido e falaban de falta de negociación, falta de negociación non houbo o que hubo foi ausencia na mesa de negociación e non se pode equiparar a ausencia á falta de negociación, negociación é vontade de negociar e a houbo, a mesa convocouse correctamente ata en dúas ocasións a ausencia a esa mesa non é un motivo para dicir que non se axustou o procedemento a legalidade.

En canto á alegación do CSIF fala da falta de negociación, a explicación é exactamente a mesma que acabo de dar, ademais presenta unha alegación ao orzamento de 2019 porque di que non ten acceso ao orzamento de 2020, están facendo alegacións a un documento que está en exposición pública, podo entender que no seu momento cando se lles convocou para a mesa tiveran dificultades ou non superan como acceder a documentación electrónica pero un documento que está en exposición pública está ao alcance de calquera. Dende logo as alegación ao orzamento de 2019 non teñen cabida.

Estas son as catro alegación que se presentaron e as catro van a ser desestimadas.

Sr. Nuñez Troncoso: Este grupo presentou a reclamación ao orzamento en aras de intentar mellorar a proposta de orzamento presentada por este goberno. No orzamento de ingresos como xa dixemos na aprobación inicial máis – menos estamos de acordo, non así coa previsión dos orzamentos de gastos, para intentar demostrar que o orzamento de gastos é un auténtico despropósito fixemos un pequeno cadro para confirmar que este orzamento é un copia e pega do 2019, nin teñen en conta a liquidación da Conta que vostedes acaban de aprobar agora mesmo, nin teñen en conta o avance da liquidación a 30 de xuño que é un dato moi importante e que di moito por onde vai o gasto deste Concello a 30 de xuño. No cadro numeramos varias contas, temos alumeado público, hai que ter en conta o plan económico financeiro que vostedes aprobaron, en alumeado público consignan vostedes 200.000€ a 30 de xuño de 2020, a 30 de xuño non é realmente cando se pagou a última factura porque no caso do alumeado público e outras máis, aquí a última factura é do mes de abril

non do mes de xuño, aínda así a 30 de xuño temos que se pagaron xa 187.000€ claramente insuficiente para cubrir o resto do ano. Servizo de axuda ao fogar, 400.000€ teñen vostedes consignados cando a 30 de xuño temos 376.000€, a 30 de xuño temos o presuposto agotado agora multiplique os 35.000 € que máis ou menos custa ese servizo por 7 ou 8 meses, ronda os 250.000€ que a empresa non vai poder cobrar como mínimo a partir de decembro, irá ao recoñecemento extraxudicial con cargo ao orzamento 2021. Limpeza área de educación, tiñan vostedes inicialmente 52.000€ e non se lles ocorre mellor idea que minorar no plan económico financeiro 10.000€, ou sexa que está agora en 42.000€ e a 30 de xuño xa se leva gastado 57.765€. Vostedes elaboraron o orzamento, aprobouse inicialmente no pleno de agosto e en xuño xa tiñan este dato, e aínda así mantéñeno, unha proba máis de que é un corta e pega do 2019. Limpeza de instalacións deportivas 8.900€ teñen vostedes consignados, pois a 30 de xuño xa se gastaron 16.800€ o dobre. Limpeza do concello, teñen consignados 18.000€ e a 30 de xuño xa gastaron 13.000€ ou sexa que é insuficiente, iso quere dicir que o término medio das facturas son 1.600€ mes, fagan vostedes a conta que dende setembro en diante non se lle vai poder pagar a empresa que fai este servizo.

Nós propuxemos unha serie de medidas para intentar equilibrar este cadro, presentamos unha serie de medidas sensatas e coherentes, propuxemos reducir o custe do goberno un 35 %, 90.000€, pasar de 250.000€ que nos custa agora a 169.000€ ou dito doutra forma, agora mesmo ten o goberno un custo para cada veciño e ano de 27,31 e pasaríamos a 18€ e aínda así por enriba de Concellos limítrofes, como pode ser Mos, Porriño, Pontearreas, Tui, Salvaterra. Redución gastos xurídicos, pedimos unha redución de 20.000€ pasando de 34.300€ a 14.300€ en gastos xurídicos, que volvo a reincidir que son gastos ocasionados por conflitos cos traballadores, penoso, algúns chegando incluso ao Tribunal Supremo. Redución en publicidade e propaganda, plantexamos aquí 43.000€, pasar de 95.000 a 52.000€ e xa ve que a partida non queda sen consignación. Festexos populares 40.000€ e repito, sobre todo coa situación actual que temos pasaríamos de 119.000€ a 79.000€ e propoñíamos que estas reducións se destinaran á área de educación e servizos sociais que como ben dixemos antes son deficitarias. Anexos subvencións, de verdade que a vostedes non lle parece sensato asignar as subvencións en función a certos parámetros? Me refiro a centros culturais, certas subvencións, como poden ser número de socios, número de actividades que realizan, algún proxecto innovador, aquí a todo o mundo por igual, non se ten en conta se fan unha actividade ou se fan seis. Anexo de investimentos, nós pediamos desglosar as diversas contas que van no anexo de investimentos, vou mencionar dúas, unha e leo tal como está: “outra inversión, nova infraestrutura e ben uso xeral” sabemos que pola partida que é vai a accesos a núcleos de poboación consignando 70.000€, por certo, anexo de investimentos igual ao 2019, o que queremos saber, o que queren saber os veciños é onde é esa obra ou obras? En que consiste esa obra ou obras? Outra conta “outra inversión reposición infraestruturas bens uso xeral” son servizos de carácter xeral, 75.000€, onde se fai a inversión? En que consiste esa inversión? A onde van

destinadas esas cantidades? Se non o saben ou non nolo queren dicir entendemos que vostedes traballan a base de ocorrencias, se lles ocorre hoxe facer unha obra e fan esa obras, eso non é así, ten que haber unha planificación como mínimo a un ano, o informe de intervención así o dí, ven dicindo que traballan vostedes a base de ocorrencias. Se teñen a obra en concreto, que problema teñen en dicilo? Das propostas que fixemos nós non recolleron nin unha. Creo que o que estamos plantexando é algo sensato, despois alardean de consenso pero non recollen ningunha alegación da oposición, non lle recollen alegacións aos representantes sindicais. Participación cidadá, non nos queren dicir onde va esta inversión, onde está a participación cidadá? Lucía, fala de vostede de vinculación e estamos de acordo e tamén dí a base dezaseis das Bases de execución do orzamento di que o obxectivo da xestión orzamentaria é determinar o custo e rendemento dos servizos, entón canto máis se desglose máis se determinará. Sabe vostede cantas contas son a vinculación 1.2 deste orzamento? Son 123 contas, con 1.250.000€, a vinculación 3.2 con 600.000€ e aquí falamos de educación, falamos de deportes, falamos de cultura, os veciños queren e queremos saber onde vai a invertir, desglosando a maximo posible, senón houberan vostedes feito o orzamento por vinculación e xa está, 4 numeros e xa está o orzamento feito. Creo que é interesante que teñamos toda a información e canto máis desgranada mellor.

Sra. Tourón Domínguez: Antes o Concelleiro do Partido Popular me recordou que dicía o mesmo sempre cando é a Conta Xeral tamén me vai recordar seguramente dicindo o mesmo nos orzamentos, que é que os compañeiros do Partido Popular sempre fan o mesmo debate traíamos aquí a Conta Xeral, traíamos aquí o orzamento municipal, traíamos aquí o plan económico financeiro, traíamos aquí calquera cuestión económica. Cada vez que se trae unha cuestión económica a debate é o mesmo, non sei se non se estudian os diferentes documentos e xa se trae o mesmo debate para todo ou é que simplemente chegan a conclusión de que defendendoo cos soldos e coa publicidade xa están facendo un gran traballo.

Aquí non estamos debatindo os orzamentos non sei se nos estamos equivocando, o orzamento xa foi debatido na Comisión e xa foi debatido no pleno, aquí estamos debatindo as alegacións que como ben explicou a compañeira Lucía, hai un informe de intervención no que explica e xustifica a denegación desas alegacións. Non sei se vostede está dubidando do traballo técnico ou de que está dubidando, pero hai un informe que di que estas alegación son perfectamente desestimables. Lle digo que valore o traballo dos técnicos porque neste caso tanto tesourería como intervención tiveron que traballar moito para facer estes documentos. Fala de insuficiencia de crédito, xa llo volve a explicar a interventora nese informe, relata as mesmas partidas que relatou na aprobación inicial do orzamento e intervención lle está dicindo que van por vinculación, que hai suficiencia de crédito por vinculación e por iso lle desestima algunha das alegacións.

Non vou facer debate político outra vez da limpeza dos colexios, volvo a repetirlle o

que lle dixen en algún pleno, non é limpeza, é desinfección que é o que se está incrementando nos colexios e é responsabilidade da Xunta, se a Xunta nos segue dando a desinfección nun tema de pandemia como temos agora, pasándonos a desinfección a nós, pois estamos incrementado os gastos pero o Concello é coherente e faise cargo desa desinfección, e distinto, chámamoslle limpeza é así poñemoslla ao Concello, pero é que ademais de limpeza se está facendo a desinfección que non é responsabilidade do o Concello. Entendo que nós debemos dar o servizo e o estamos dando pero que quede claro cales son as circunstancias nas que se está dando. En relación ao que necesitan saber o que van nos investimentos, quero recordarlle que vostedes saben sempre o que van nos investimentos, entre outras cousas por unha moi importante, que é que todos os proxectos de investimentos se traen a pleno nesta lexislatura, co cal vostedes coñecen sempre, porque participan na aprobación deses proxectos e este goberno non traballa a golpe de ocorrencias, este goberno traballa planificando e traendos os proxectos para que os coñeza a oposición- Non traballamos de ocorrencias pero si que as veces traballamos de urxencia, porque non sei si se da conta de que este ano tivemos un ano de pandemia no que tivemos que actuar de urxencia en moitas cousas, co cal non confundamos ocorrencias con urxencias, porque o Concello si da resposta as urxencias.

Sra. Pereira González: A verdade é que a exposición que Joaquín fixo foi basicamente a mesma que cando aprobamos inicialmente o orzamento e hoxe o que estamos debatindo son as alegacións. Vostede reduceo todo a que con reducir os salarios do goberno e en gastos de publicidade e propaganda tería a solución a todos os males sexa a conta xeral, sexa o orzamento, sexa o recoñecemento extraxudicial de crédito, moi fácil solución topa vostede para todo.

En canto aos anexos de investimentos xa lle dixen que no informe de intervención pon que son perfectamente válidos e o orzamento está perfectamente detallado cada partida co seu gasto e efectivamente son un montón de partidas, os veciños se queren coñecela están aí todas e estiveron a exposición pública. Isto non quere dicir que as vinculacións son totalmente compatibles con isto, o crédito que se presuposto inicialmente para unha partida é por exemplo 1000€. se eses 1000€ non son suficientes a bolsa de vinculación está para que se poidan usar doutras partidas que pertencen ao mesmo grupo. Di que non recollemos as súas propostas, o informe de intervención xa lle di que non son motivo de alegación, son propostas e as propostas efectivamente podemos ter a ben recollelas si consideramos que se axustan á necesidade ou non, e neste caso non.

Sr. Núñez Troncoso: Empezo pola Concelleira de área, di vostede que a exposición sempre é a mesma e que o orzamento do 2019 e o 2020 é exactamente o mesmo, as propostas que propoñemos son sensatas, se a vostede non lle parece sensato reducir 40.000€ en gastos de publicidade e propaganda ou ter o soldo máis alto de Galicia en función ao orzamento e a poboación que temos, a vostede eso lle parece ben? Anexos de investimentos válidos, me están dicindo vostedes que a partida primeira de

70.000€ que vai vir un proxecto a este pleno por 70.000€? Sabemos que non, verdade? Recoñeza as cousas como son, o proxecto non existe, traballan a golpe de ocorrencia, imos a facer aquí un asfaltado, aquí facemos outro e temos esa cantidade para gastar, o proxecto non existe senón, que problema ten en traelo a mesa, é tan complicado poñelo aquí enriba da mesa?

A nivel vinculación xa llo dixen antes, fagan vostedes o orzamento a nivel vinculación e xa está, ninguén se entera o que se vai a gastar en limpeza e en X partidas, iso é transparencia.

Sra. Verónica o de vostede é botar balóns fora. O tema de limpeza dos coles que si é da Xunta ou doutras administracións, voulle dicir outras partidas que a ver se aí non entra a dúbida: limpeza da biblioteca, tiñan vostedes consignados 4.900€ e no avance xa van 3.100€ a metade do exercicio e practicamente xa non temos consignación; CDL do Torrón 2.980€ tiñan vostedes consignados e xa levamos a 30 de xuño 4.500€; Galiña Azul máis o edificio de servizos sociais consignaron vostedes 7.414€ todas esas partidas son iguais ao 2019, por tanto a nosa exposición vai ser a mesma, Galiña 7.414€ a 30 de xuño levan gastados 13.315€; limpeza deste concello 18.000€ ten consignado e levan a 30 de xuño 13.000€ claramente insuficiente; limpeza praza de abastos 2.000€ consignados, levan gastados a 30 de xuño 3700€. Non veña a dicir Sra. Veronica que o tema é da Xunta ,o caso e botar balóns fora e xa está. A exposición non é a mesma, é similar porque o orzamento é similar. Seguimos incidindo nos mesmos defectos polo tanto é o mesmo, claro que estudiamos os documentos, di vostede que non é para debater aquí os orzamentos, entón onde se debaten os orzamentos? E por moito debate que haxa, non recollen ningunha proposta, de nada vale ter 20 comisións se non recolle ningunha proposta. De cara a opinión pública está moi ben consenso. Os das contradicións xa llo dixen antes, o que antes votaban a favor agora votan en contra.

Sra. Tourón Domínguez: En canto aos proxectos volvo a recordarlle, os proxectos de investimentos se traen todos a este pleno, entre outras cousas porque o asumimos no pleno de constitución que se ían a traer os proxectos a pleno e se irán traendo os proxectos a pleno. Hai un cadro de investimentos e os proxectos de investimentos se traen todos a pleno, porque asumimos no pleno de constitución que todos os proxectos ían vir a pleno e se están traendo, ou non estamos traendo os proxectos a pleno?

En canto ao tema da desinfección ou da limpeza, que fai referencia a varias cousas de limpeza, na biblioteca volvo a dicirlle o mesmo que nos colexios, non só se está asumindo a limpeza, se está asumindo a desinfección, igual que no CDL, igual que na praza de abastos, etc... Vostede sabe dese importe que vostede di que xa gastamos no CDL, o que vai pagar o concello exactamente? Porque parte de gasto de limpeza execútase polo programa integral de emprego, co cal xa está subvencionado, vir aquí con certos datos porque lle aparecen aí, sen estudar máis a fondo cada cuestión é

moi sinxelo pero non é así. Eu non estaba dicindo que os orzamentos non son obxecto de debate nun pleno, claro que o son pero foron no pleno dos orzamentos, agora estamos nun pleno de alegacións e de dar resposta as alegacións e si é o que lle dixen eu.

Sra. Pereira González: Escoíteme cando lle falo Joaquín, non lle dixen que a exposición fora a mesma no ano 2019 que no 2020, dixen que hoxe fixo a mesma exposición que hai un mes e medio cando debatimos os orzamentos, hoxe estamos debatindo as alegacións que son catro. En canto a que non recollemos as súas propostas e que non serve de nada facer 20 comisións, non fixemos 20 para o orzamento fixemos dúas, unha antes da aprobación inicial e outra antes deste pleno e nas Comisión lamentablemente vostedes tampouco aportan nada. Non diga que non serve de nada facer 20 comisións, é que coa súa actitude na comisión claro que non serve de nada. Non recollemos as súas propostas porque non encaixan cos criterios e coas directivas que este goberno ten, así de simple.

Sr. Núñez Troncoso: Non encaixan, non queren que é moi distinto. A exposición non é a mesma, cando a Sra. Secretaria nos pase a acta verá a acta do outro pleno e verá esta acta. O de 20 reunións é en plan xenérico, non digo que houbera 20 reunións. Con este novo goberno tivemos un orzamento do 2019 e un orzamento do 2020, nin a este grupo nin aos representantes sindicais se lle recolleu ningunha proposta, non veña vostede a querer tapar o que non se pode tapar.

Sra. Verónica os proxectos, mire vostede, vai traer aquí un proxecto por 70.000€ ou outro por 75.000€, van traelo? Limpeza da biblioteca e outros edificios, nós estamos falando cos datos que votedes teñen consignado no orzamento e os que temos son eses, salvo que agora vostedes teñan na imaxinación outros datos. No CDL do Torrón no orzamento consignan 2.980€ e o avance a 30 de xuño é que xa se gastaron 4.500€. Na biblioteca 4.901€ teñen consignado e xa levan gastados 3.100€, por certo xa falaremos da biblioteca porque unha vez que ven un usuario pola mañá xa non se pode volver a usar ata o día seguinte, xa falaremos máis adiante. Galiña Azul, lle volvo a repetir, 7400€ consignados e se levan gastados a 30 de xuño 13.700€, eses son os datos que hai e nós traballamos sobre eses datos e nós estudiamos eses datos. Se ven unha subvención ou non, esperemos que non sexan das que renuncian, vostede puxeron no plan económico financeiro que non iban a solicitar subvencións onde o Concello tivera que poñer unha parte. Se presentamos a reclamación é para que se recollera algunha proposta que nós propuxemos e como non se van a recoller pois nós mantemos a nosa postura ao respecto.

Sra. Tourón Domínguez: Non estamos falando do Torrón dunha subvención que vai a vir, é triste ou curioso que parte da Corporación da oposición non coñeza que hai alí unha subvención da Xunta de Galicia, a subvención máis grande de todo o concello de 250.000€ que agora se vai a ampliar, na que os gastos están asumidos, por exemplo os gastos de limpeza, non estamos falando de cousas vindeiras ou futuras.

Por certo, nesa subvención, grazas a que somos Concello Doing Bussines e outras cousas que cumprimos, o Concello non tivo que participar poñendo ningunha porcentaxe porque xa cumpríamos a puntuación. Volvo a insistir ,debate de alegacións e non de orzamentos.

Sra. Alcaldesa: Di vostede Sr. Joaquín, que o informe de intervención ven dicindo que traballamos a golpe de ocorrencia, eu lle pido que sexa máis serio á hora de analizar os documentos, pídolle un pouco máis de seriedade, os proxectos tráense todos e cada un a pleno como se fixo no Plan Concellos 2020, moitos deles ademais os apoiastes e seguiremos a traelo. É a primeira vez que dentro deste ano imos a executar a maior parte deses proxectos, repito, nós o que temos que facer é xestión e mellorar a calidade de vida da nosa veciñanza e é o que estamos a facer. Léovos a proposta definitiva para a aprobación deste orzamento para 2020, que é a seguinte:

“Aprobado en sesión extraordinaria do pleno de 27.08.2020 o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2020, así como as súas Bases de Execución e o cadro de persoal comprensivo de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Publicado anuncio de aprobación inicial no BOPPO núm.172 de data 07.09.2020 e publicado a Orzamento e os seus anexos na sede electrónica do Concello desde o día 08.09.2020.

Presentadas en tempo e forma as seguintes reclamacións ao orzamento:

<u>NÚM. REXISTRO</u>	<u>DATA REXITRO</u>	<u>PRESENTADOR</u>
2020-E-RE-1237	25/09/2020	SANTIAGO RODRIGUE DAVILA
2020-E-RE-1236	25/09/2020	ALBERTO GONZALEZ HERRERO
2020-E-RE-1241	28/09/2020	FEDERACION DE SERVICIOS A CIDADANIA CCOO DE GALICIA
2020-E-RC-3893	28/09/2020	CSIF UNION PROVINCIA PONTEVEDRA

Visto o Informe de Intervención núm.2020-0159 de data 5 de outubro sobre a as reclamacións presentadas.

Vista a competencia plenaria para a aprobación do orzamento municipal, segundo o exposto no artigo 22.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.”

PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Desestimar, polos motivos expostos no Informe de Intervención núm.

2020-0159, as alegacións presentadas por:

- SANTIAGO RODRIGUE DAVILA
- ALBERTO GONZALEZ HERRERO
- FEDERACION DE SERVIZOS A CIDADANIA CCOO DE GALICIA
- CSIF UNION PROVINCIA PONTEVEDRA

SEGUNDO. Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral do Concello, xunto coas súas Bases de Execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ORZAMENTO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Impostos directos	1.477.500,00
2	Impostos indirectos	50.000,00
3	Tasas e outros ingresos	648.340,00
4	Transferencias correntes	2.821.500,00
5	Ingresos patrimoniais	3.000,00
OP. CORRENT		5.000.340,00
6	Enaxenación de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
OP. CAPITAL		0,00
TOTAL PTO.		5.000.340,00

ORZAMENTO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Gastos de persoal	1.668.265,45
2	Gastos de benscorrentes e servizos	2.696.571,44
3	Gastos financeiros	9.600,00
4	Transferencias correntes	158.483,97
OP. CORRENT		4.532.920,86
6	Investimentos reais	313.835,38
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	153.583,76
OP. CAPITAL		467.419,14
TOTAL PTO.		5.000.340,00

TERCEIRO. Aprobar definitivamente o cadro de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados que presentasen alegacións, xunto co informe de Intervención núm. 2020-0159."

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SEIS votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE (2) e CATRO ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular, adoptándose o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Desestimar, polos motivos expostos no Informe de Intervención núm. 2020-0159, as alegacións presentadas por:

- SANTIAGO RODRIGUE DAVILA
- ALBERTO GONZALEZ HERRERO
- FEDERACION DE SERVICIOS A CIDADANIA CCOO DE GALICIA
- CSIF UNION PROVINCIA PONTEVEDRA

SEGUNDO. Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral do Concello, xunto coas súas Bases de Execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ORZAMENTO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Impostos directos	1.477.500,00
2	Impostos indirectos	50.000,00
3	Tasas e outros ingresos	648.340,00
4	Transferencias correntes	2.821.500,00
5	Ingresos patrimoniais	3.000,00
OP. CORRENT		5.000.340,00
6	Enaxenación de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
OP. CAPITAL		0,00
TOTAL PTO.		5.000.340,00

ORZAMENTO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Gastos de persoal	1.668.265,45
2	Gastos de benscorrentes e servizos	2.696.571,44
3	Gastos financeiros	9.600,00
4	Transferencias correntes	158.483,97
OP. CORRENT		4.532.920,86
6	Investimentos reais	313.835,38
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	153.583,76
OP. CAPITAL		467.419,14
TOTAL PTO.		5.000.340,00

TERCEIRO. Aprobar definitivamente o cadro de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados que presentasen alegacións, xunto co informe de Intervención núm. 2020-0159.

Expediente 2288/2020. Suspensión cautelar da concesión de licenzas de parcelación e edificación no ámbito da Devesa.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración de urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, o Pleno, por unanimidade a favor, acorda aprobar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Sra. Alcaldesa: Este expediente está formado ademais da proposta de Alcaldía polos informes de urbanismo máis o informe proposta para a modificación puntual das NNSS de planemento e suspensión cautelar de licencias no ámbito da Devesa, afectando a unha superficie de 1.222m² de tres parcelas, un informe realizado polos servizos xurídicos e incorporouse a este expediente recentemente a petición do PP, aínda que non era preceptivo, un informe de secretaría, que teño que dicir que é un informe favorable.

Pretendíamos incluír nesa Comisión para darvos a explicación sobre a urxencia deste punto e o interese do Goberno nesa Comisión, non foi posible, o PP considerastes que ao non ser a Comisión de Asuntos do Pleno non cabía a súa inclusión e por iso hoxe ven por urxencia nesta parte da convocatoria, ratificando a súa inclusión.

Fai uns días, falo de dúas semanas, que chegou a min a información da venda da parcela da Devesa, automaticamente puxen en marcha o dispositivo para reunirme coa inmobiliaria e interesarme por esa situación, a continuación mantiven unha reunión co equipo técnico de intervención e secretaría e despois o mércores, o primeiro que nos foi posible, reunímonos cos técnicos de urbanismo para poñer en marcha unha operación que creemos que é de sumo interese para o Concello de Salceda de Caselas, non so para este equipo de goberno. Este equipo puxo en marcha esa operación para facerse co dominio duns 1.222 m² da rúa Joaquín Fernández Sestelo, que actualmente sabedes que posúe o SAREB. A nosa intención é dotalo para fins sociais ademais dun aparcadoiro nesa zona, e puxemos a convocatoria deste pleno urxente asinado o venres pasado para levar a diante a suspensión cautelar de concesión de licencias de parcelación e edificación nese ámbito, no ámbito da Devesa. O equipo de goberno, este executivo, o que pretende é por esa modificación urbanística en marcha que afectaría fundamentalmente as tres parcelas que aparecen no informe urbanístico e tamén aparecen na proposta desta Alcaldesa. Esa modificación faise a través de mudar as NNSS que temos na actualidade en Salceda. Coñecedes e coñecemos todos e todas os que estamos neste salón de plenos a situación magnífica desa parcela que resulta especialmente indicada para ser destinada a un uso dotacional público con vistas a creación, como vos decía antes, dese aparcadeiro en superficie e no seu caso, completalo cunha previsión de implantación de uso dotacional social. Creo que imos a coincidir, ou así o espero, na necesidade de regenerar e renovar os espazos urbanos, e encaixa politicamente no que vimos facendo dende hai moitos anos que é a liña de recuperar os espazos para as persoas, para aqueles colectivos que nós creemos que necesitan maior atención, como son os nenos, os nosos maiores, as persoas con discapacidade, esta operación, con esta xestión e con este carácter de urxencia o que pretende na súa finalidade é gañar espazo para esas persoas e para eses colectivos.

Sr. Rodríguez Dávila: Quería en primeiro lugar felicitar ao compañeiro Joaquín na súa intervención nos puntos anteriores, Joaquín parabéns porque unha vez máis demostraches que sabes do que falas e Sra. Alcaldesa, lle recomendo que escoite a súa intervención porque dixo vostede que non se falou nada, por parte deste grupo, da conta nin do orzamento, eu lle invito a que escoite a grabación deste pleno e vexa quen sabe e quen si fala da conta e dos orzamentos e quen bota balóns fora e o único que fai e seguir cometendo os mesmos erros dos últimos anos.

Centrándonos no punto que se aprobou por unanimidade a súa urxencia. Quero empezar lamentando unha vez máis a actitude deste goberno que presume de todo



aquilo que non fai nin é capaz de poñer en práctica, vostedes mesmos caen nas súas trampas e vostedes mesmos din unhas afirmación que son contrarias á realidade. Realmente este é un punto importante e efectivamente que o é e alegrámonos que vostedes recollan unha das propostas deste grupo, que levabamos nos programas electorales no ano 2015 e 2019, ocupar esa parcela para endereitar a rúa Ador coa rúa Vigo, cousa que vostedes non tiveron a ben esperar e poder facer esa obra que realmente quedaría ben. Como digo, fan todo contrario do que din, efectivamente esta é unha obra importante, o normal e o serio dun responsable político no exercicio do seu deber e da súa obrigación en aras de consensuar, en aras de ir unanimemente en favor dos Salcedenses, a súa obrigación era porse en contacto co portavoz deste grupo maioritario da corporación para facerlle saber inmediatamente a intención do goberno para levalo á comisión, cos documentos todos eles no expediente desa Comisión para logo traelo a pleno, nada diso vostede fixo, nin unha chamada, nin un whatsapp, nin unha proposta, chegamos a unha Comisión económica e vostedes nos planta enriba da mesa esta proposta, sen nin un só documento, sin saber nada de nada e pretendían pasala pola comisión. Como comprenderá, ante todo somos serios no respecto de que hai que saber do que se fala, cando un non ten acceso a documentación nin a información nin nada de nada, a vostede iso lle parece, en aras de consensuar en aras de transparencia, de acordar, de sumar? Como pretenden vostedes que este grupo se sume a esa actitude deste goberno que como vostede acaba de manifestar fai dúas semanas se entereou e entón toman a iniciativa? Mire o que tiña vostede que facer, ver perfectamente si iso é viable e logo trasladarillo a este grupo para intentar chegar a Comisión con algún acordo e ver o que fai falta e o que non falta.

Di vostede que se incorporou o informe nas últimas horas da Sra. Secretaria, a acal quero agradecerlle o traballo e a atención á petición deste grupo do seu informe porque para nós é moi importante que no expediente estea o informe da Sra. Secretaria municipal aínda que non fose preceptivo, porque, qué pasa, que con informe externo xa nos vale? Pois non, nós queremos ter tamén a opinión respecto desta decisión importante da Sra. Secretaria municipal que é quen vela pola legalidade á hora de tomar decisións destes membros da corporación e pola tanto Sra. Secretaria, lle agradezo ese informe e a súa rapidez. Como digo, onte non só se axuntou o informe que fixo a Sra. Secretaria a petición deste grupo, onte mesmo vostedes adxuntaron informes de persoas que traballan para o concello, por certo que se autodenominan arquitectos municipais cando non o son, e tamén planos feitos por persoas do departamento de urbanismo ao expediente, onte mesmo, e hoxe traen vostedes a pleno por urxencia este punto.

Efectivamente o que se pretende facer é un claro exemplo, aínda que por outra vía, no que noutro momento se fixo na Praza do Concello se naquel momento non se tomara aquela decisión de adquirir aquelas propiedades que había diante do actual Concello hoxe non teríamos a praza que temos e polo tanto nós estamos de acordo en que esa parcela da Devesa non se edifique, que por certo no Plan Xeral do ano 2016 que

votamos en contra e que vostedes votaron a favor iba edificable esa parcela. Polo tanto, nós xa fomos os primeiros que propoñíamos ocupar esa parcela para facer unha gran praza, neste caso para facer sobre ela unha rotonda que comunicase a R/ Ador coa R/ Vigo e polo tanto ter unha única praza unida ao edificio da Devesa. Vostedes chegaron a dicir incluso que era unha barbaridade o que nós dicíamos o que nós propoñíamos resulta que agora queremos ocupar, facernos co dominio desas parcelas, aquilo que era unha aberración agora parece ser que xa é sensato e que xa vale, remato dicindo que nunca é tarde cando a dita é boa e polo tanto manifestarei na seguinte intervención o noso posicionamento.

Sra. Tourón Domínguez: Aclarar un tema que xa llo aclarei ao Sr. Joaquín na Comisión, que o se pretendía non é que entrara a machete este punto na orde do día senón que se lle deron dúas opcións claramente, a Sra. Alcadesa lle dixo que había a opción de metelo así pero que entendía perfectamente que vostedes dixeran que non. Había como recomendación da Secretaria que se podía meter se había un acordo de todos, non o houbo e se trae a pleno agora. Por outro lado, como Concellería de urbanismo dicir que efectivamente o que dí Loli as veces hai que traballar de urxencia, unha vez coñecida esta situación os técnicos de urbanismo fan o súa labor e se trae a urxencia porque consideramos este equipo de goberno que é urxente facer isto así. Non houbo tempo a máis, pero é curioso por que cando vostede di que onte se meteron informes, efectivamente o informe que vostede lle solicitou a secretaría e informes que se consideraron oportunos para darlle máis información pero que non eran preceptivos ao expediente. Cando lle damos de máis queixanse porque lle damos de máis e cando lle damos de menos porque lle damos de menos, o expediente estaba completo urbanisticamente e xuridicamente. Xa na Comisión a Secretaria lle indicou ao Sr. Joaquín que non era preceptivo o informe de secretaría, pedíronno, deuseltes o informe de secretaría e adxuntáronse planos e outro informe urbanístico, pero o expediente estaba xuridicamente e urbanisticamente completo.

Basicamente o que traemos aquí é a suspensión de outorgamento de licencias, ten un carácter preventivo ou cautelar, neste caso está encamiñado a estudar, a posibilitar o estudo da planificación desa zona, a modificación puntual das NNSS, como decía a Alcadesa para darlle un equipamento dotacional ao Concello, que posteriormente, como decía ela, se estudiará, uso social ou calquera outra proposta pero que nun principio vai a ir encamiñado a aí.

Esta suspensión cautelar ten un prazo máximo dun ano ou en caso de que se publique antes esta modificación puntual das NNSS deixará de ter efecto. Unha vez que se aprobé esta suspensión cautelar en pleno non se pode facer outra nos próximos catro anos polo mesmo fin, co cal espero que todos traballemos e que si o PP está de acordo con este suspensión e quere aportar, pois que traballemos todos para que dentro dese prazo facer todo o que necesitamos para esa modificación na que aparentemente estamos todos deacordo.

Sr. Rodríguez Davila: Se estivera completo non se engadirían máis informes, non tiña nin planos, había un debuxo, nin había unha medición, non había concretamente a parcela no expediente, un tema tan importante pretendían traelo por urxencia a unha comisión sen información previa, sen ningún documento e que nós nos posicionásemos nesa Comisión sen ter nin un só documento previo, sen os compañeiros ter a posibilidade de debater entre nós. Reitero que esta é unha idea nosa respecto desa parcela e polo tanto nos alegramos de que tomaran esa iniciativa por esa suposta información, pena dos miles de euros que se invertiron nesa praza que xa dixen na súa execución e no seu remate que non compartimos en absoluto e o feito é que non é unha praza funcional e se demostrou fai un ano coa actuación do rancho do reis alí, que houbo que cortar a rúa. Non hai unha praza para facer actuacións, non é unha praza segura, non é unha praza unida a un edificio público, non é unha praza versátil, non é unha praza que lle poidamos sacar moito uso porque a súa execución parte en dous o pouco espazo que alí hai. Non é unha praza verde, non é unha praza acolledora e agora despois da miña intervención no último pleno tiveron a ben poñer algunha maceta máis para poñela un pouco máis bonita, que estamos de acordo, porque aquilo é patético a execución desa obra. Que ben nos iría a todos esperar a ter esta parcela, desviar o tráfico como nos propoñiamos e facer unha gran praza unida, segura ao edificio da Devesa, tanto máis non a utilizarían os Salcedenses e os nenos e as nenas pero non, a terquedade e a imposición daqueles que din que están dispostos a recibir ideas e logo non aceptan nin unha sola medida das propostas que fai este grupo maioritario. Esperemos que sexa verdade o que vostede acaba de dicir, porque sabemos que en moitos puntos ou en case todos non aceptan nada, polo tanto nós imos a votar a favor, por suposto que sí, logo do informe da Sra. Secretaria, imos a votar a favor por todo o que acabo de dicir, porque imos a conseguir máis espazo público para o conxunto dos Salcedenses e a pena é a execución desa obra que se fixo fai un ano e pico, que nos limita moito. Estou convenido que algún día dentro de x anos haberá que facer unha modificación dese entorno e facer realmente unha gran praza para o gusto de todos os Salcedenses. Polo tanto unha vez máis as cousas positivas para os Salcedenses, para os noso veciños e para nós como veciños as apoiamos, votamos a favor de suspender cautelarmente esas licenzas e adianto xa que supoño que traerán e traballarán na modificación das NNSS en breve e imos a facer propostas para facer sobre esa parcela e por suposto imos a aprobar e apoiar se conta con todos os informes esa modificación puntual das NNSS do planeamento na Devesa.

Sra. Tourón Domínguez: A comisión informativa foi o día 9 de outubro e no expediente do pleno dese mesmo día estaba un informe técnico de urbanismo de data 7 de outubro. Digo por iso de que non estaban os informes perceptivos, nin que non se indicaba o total da parcela, nese informe urbanístico está o total de metros e están as tres parcelas catastrais reflectidas. Eu non vou dubidar da Secretaria municipal nin da resposta que lle deu naquela comisión, que foi que efectivamente non facía falta informe de secretaría municipal e que o expediente estaba completo.

Sra. Alcaldesa: É certo que nesa comisión eu ofrecín dúas posibilidades, ou non? Comisión na que non tiven tempo de explicarlle polo miúdo en que consistía o documento ao portavoz porque non asistiu por motivos pessoais perfectamente xustificables. Eu o que trataba e co carácter de urxencia que merecía o punto, porque falamos de que a reunión previa foi fai unhas semanas, o 7 foi esta reunión con urbanismo onde se emitiron os informes, o 9 a convocatoria da comisión e hoxe a celebración do pleno extraordinario, non sei se sabedes que tamén hai uns días e uns prazos, se estos días se incorporaron novos documentos a este expediente quede claro que non é porque estaba incompleto é porque vostedes logo da comisión pediron, e teñen dereito a elo ademáis, un informe de secretaría e para ese informe foi necesario aportar outros documentos a ese expediente, pero que quede claro que podía ir perfectamente así á sesión plenaria para a súa aprobación e si en algo me equivo tedes aquí a secretaria para que me corrixa. O expediente podía traerse perfectamente a este pleno para a súa aprobación, quero que quede claro porque ao final xeramos certa confusión na veciñanda que creo que non é necesaria.

Sr. Nuñez Troncoso: Aclarar que efectivamente a Comisión foi un venres día 9 a unha da tarde e a actividade administrativa non se reanudou ata o martes porque o luns foi festivo ben, de iso a que esa documentación xa estaba no expediente da Comisión iso non é certo, esa documentación nola deron unha vez finalizada a comisión e nos deron unhas copias duns documentos que tiña a Sra. Verónica, foi o que nos facilitou a nós, agora iso é moi distinto a que se diga que estaba incorporado na comisión, na comisión non estaba. Unha vez finalizada a comisión se nos plantexaron esas dúas opcións, votar para incorporala á sesión ou senón viría a pleno. Que estivera no expediente da comisión non é certo senón miren vostedes a orde do día e verán que non está iso.

Sra. Tourón Domínguez: Ao que eu me refería é a que vostedes dixeron que se incorporaron os informes onte, e estes informes xa estaban, ademáis se non o tiñades na Comisión eu llo facilitei, ademais o martes na convocatoria do pleno xa se subiu, non se incorporou onte, está incorporado na convocatoria do pleno e fala de metros, de parcelas e de todo o necesario para a aprobación sen necesidade dese informe, que vostedes pediron ese informe e que para iso facían falta urbanísticos e se lles dan. Están na capacidade de facelo e poden facelo e nos lle repostamos pero non digan que no expediente do pleno que non veñan os metros e a documentación necesaria porque a documentación necesaria viña e non é certo.

Sr. Rodríguez Canosa: O PP di que teñen un proxecto dunha gran praza e eu lembro a campaña electoral que o proxecto voso era maravilloso, pintantes alí todo como praza e listo, non tivestes en conta as estradas que van cara a Entenza, cara ao aparcadeiro que hai detrás da Devesa, claro, así é moi fácil. Nesta foto que publicastes no Facebook de data 24 de maio de 2019 non existe a estrada de Entenza, non existe nada e tamén unha pequiña rotundiña enriba dun terreno que non é municipal



onde pretendiades que pasara todo o tráfico rodado, os camiões que deran volta naquela pequena rotonda, os que entraban dende Parderrubias e querían ir cara R/ Vigo tiñan que ir ata onde actualmente está ese aparcadoiro para dar volta, polo tanto facer proxectos na oposición é moi doado, dibuxiños é moi doado pero as couas serias, o proxectos serios hai que facelos.

Sra. Alcaldesa: Dou lectura da proposta de Alcaldía, seguinte:

“Visto o informe técnico núm. 2020-0256 de data 07.10.2020 relativo á necesidade de modificación puntual das NNSSPM para a creación dun novo equipamento na superficie conformada polas parcelas catastráis nº 6515836NG3661N0001YG, 65158323NG3661N0001IG E 6515822NG3661N0001XG, que pola súa ubicación resulta especialmente indicada para ser destinada a uso dotacional público, con vistas á creación dun aparcamento público en superficie completado, no seu caso, coa posible previsión da implantación dun uso dotacional social.

Visto o informe xurídico emitido en data 07.10.2020, que establece que actuación proposta pode enmarcarse dentro dos procesos de rexeneración e renovación urbana previstos no artigo 12 da Lei 1/2019 de Rehabilitación e Rexeneración e Renovación Urbanas de Galicia, procedendo levar a cabo a modificación puntual das NNSS de Planeamento Municipal para a creación deste novo equipamento, tendo en conta que a Lei 1/2019, nos seus arts 15 e ss, prevé para estes casos a modificación do planeamento urbanístico municipal mediante un procedemento simplificado.

Visto o disposto no artigo 47 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que establece que no seu apartado 1 que os órganos competentes para a aprobación inicial dos instrumentos de planeamento urbanístico poderán acordar a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición para áreas ou usos determinados, co fin de estudar a súa formulación, revisión ou modificación.

Visto así mesmo o disposto no artigo 86 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Examinada a documentación que o acompaña, e de conformidade coa competencia establecida no artigo 22.2.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, propoño ao pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Suspende cautelarmente a concesión de licenzas de parcelación e

edificación na superficie conformada polas parcelas catastráis nº 6515836NG3661N0001YG, 65158323NG3661N0001IG E 6515822NG3661N0001XG, coa finalidade de estudar a modificación puntual das NNSS de cara a modificar o uso da superficie indicada, para destinala a uso de equipamento público, durante o prazo máximo dun ano desde a publicación deste acordo ou, no seu caso, ata a aprobación inicial da modificación puntual da Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de cando esta teña lugar dentro do prazo de vixencia da suspensión facultativa.

SEGUNDO. Publicar o presente acordo de suspensión no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos DEZ membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Suspende cautelarmente a concesión de licenzas de parcelación e edificación na superficie conformada polas parcelas catastráis nº 6515836NG3661N0001YG, 65158323NG3661N0001IG E 6515822NG3661N0001XG, coa finalidade de estudar a modificación puntual das NNSS de cara a modificar o uso da superficie indicada, para destinala a uso de equipamento público, durante o prazo máximo dun ano desde a publicación deste acordo ou, no seu caso, ata a aprobación inicial da modificación puntual da Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de cando esta teña lugar dentro do prazo de vixencia da suspensión facultativa.

SEGUNDO. Publicar o presente acordo de suspensión no *Diario Oficial de Galicia* e nun dos xornais de maior difusión da provincia.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

